



SOLICITUDE DE VISITA Á ILLA DE SAN SIMÓN

DATOS DO SOLICITANTE:

Nome e apelidos:	
DNI:	
Enderezo postal:	
Correo-e:	
Teléfono de contacto:	

OBXECTO DA VISITA SOLICITADA:

--

DATOS SOBRE A VISITA SOLICITADA:

Data da visita:	
Hora prevista de chegada:	
Tempo previsto de estadía:	
Persoa responsable do grupo visitante:	
DNI da persoa responsable do grupo visitante:	
Número de persoas que conforman o grupo:	
Datos do transporte:	
Características xerais do grupo (tipo de colectivo, idade, problemas de mobilidade, procedencia, ...):	
Outras necesidades ou observacións:	

Nota importante: a presentación e envío desta solicitude non garante a autorización da visita nin a data e hora da mesma, sendo preciso para o acceso ao recinto contar con autorización expresa da visita.



MOI IMPORTANTE

Mentres dure o estado de emerxencia sanitaria en Galicia polo covid-19, a Illa será accesible para o público visitante e para os participantes nas súas actividades coas seguintes instrucións:

1. As persoas que accedan á Illa deberán utilizar máscara e manter en todo momento a distancia interpersoal recomendada pola autoridade sanitaria.
2. Admitiranse grupos de visita composto por un máximo de 20 persoas. Deberase asegurar especialmente que as persoas visitantes non deixen na Illa ningún tipo de residuo.
3. Non se autorizará ningún tipo de actividade que supoña pernoctar na Illa.
4. Tendo en conta as capacidades de San Simón e Santo Antón, permitiranse os actos culturais ao aire libre ata un máximo de 100 persoas, que estarán sentadas, mantendo a distancia interpersoal recomendada pola autoridade sanitaria.
5. Permitiranse actividades culturais nas instalacións interiores, coa metade de capacidade de cada sala ou espazo, e cun máximo de 20 persoas por actividade.
6. Nas actividades deportivas e de lecer, en exteriores e interiores da Illa, admitiranse grupos de ata 20 persoas.

Normativa aplicable

Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada por covid-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (publicado no Diario Oficial de Galicia do sábado 13 de xuño de 2020):

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200613/AnuncioC3K1-120620-1_gl.html

Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (publicada no Diario Oficial de Galicia do sábado 27 de xuño de 2020).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200627/AnuncioC3K1-250620-1_gl.html



ANEXO. CONDICIÓN S PARA A VISITA Á ILLA DE SAN SIMÓN

En relación co acceso á Illa de San Simón (de aquí en diante, a Illa), informámolo/a dos aspectos básicos que debe ter en conta para a organización de calquera visita:

1. A Illa está declarada Ben de Interese Cultural (BIC) desde 1999. O seu alto valor histórico, cultural e paisaxístico mereceu que a Administración Pública lle concedese un importante nivel de protección cultural e ambiental, co fin de permitir un uso público compatible cunha óptima conservación deste elemento do noso patrimonio, permitindo as visitas controladas ao recinto e a realización de actividades culturais e educativas de carácter diverso.

2. Como norma xeral, autorízanse visitas culturais, educativas ou de interese público sempre que respondan a este obxecto e se realicen en días e horarios compatibles cos horarios de apertura do recinto, e non existan inconvenientes como a realización doutras actividades, eventos ou visitas xa programadas.

Horarios de visita

De 1 de xaneiro a 28 de febreiro	de 10 a 18 horas
De 1 de marzo a 31 de maio	de 11 a 19 horas
De 1 de xuño a 31 de agosto	de 11 a 20 horas
De 1 de setembro a 31 de outubro	de 11 a 19 horas
De 1 de novembro a 31 de decembro	de 10 a 18 horas

3. A entidade solicitante farase cargo do transporte en barco ata a Illa. Para isto, pode contratar a viaxe con quen considere oportuno, comunicando os datos da embarcación con antelación á viaxe para facilitar o acceso da mesma aos embarcadoiros da Illa.

4. É responsabilidade da entidade organizadora e solicitantes da visita garantir unhas óptimas condicións de transporte marítimo ata a Illa. A Secretaría Xeral de Cultura só é responsable da autorización de acceso ao recinto desde os peiraos da Illa habilitados para o mesmo.

5. As visitas autorizadas deben realizarse en grupo e baixo a responsabilidade da persoa que se ten identificado como tal na solicitude. A organización deberá velar polo coidado do recinto, solicitándolles ás persoas visitantes que transiten polos paseos habilitados, respectando a vexetación do parque e o conxunto das instalacións da Illa.



6. Terase en conta por parte da entidade organizadora as posibilidades do recinto e as súas características á hora de planificar visitas de colectivos determinados (nenos pequenos, persoas de avanzada idade ou con problemas de mobilidade etc.), tratando de garantir en todo caso os servizos de apoio e control que sexan precisos para cada tipo de grupo. Os menores de idade poden entrar baixo a supervisión e coidado dun adulto.
7. A entidade organizadora e o grupo visitante haberán de atender en todo momento as indicacións que se lles fagan desde os servizos de garda e seguridade, así como outro persoal da Illa, en relación coa organización e percorrido da visita e as actividades a realizar no recinto.
8. Recoméndase que as visitas culturais se acompañen de servizos de guía, que a Illa non ofrece.
9. Sen prexuízo do seguro contratado pola Secretaría Xeral de Cultura, a entidade organizadora deberá contratar seguros que cubran eventuais sinistros acontecidos durante as actividades -seguro de responsabilidade civil- e un seguro de danos. A Secretaría Xeral de Cultura poderá requirir en calquera momento a documentación acreditativa da existencia dos mesmos. A non presentación da documentación ou a insuficiencia do contrato pode supoñer a cancelación da reserva sen indemnización para a entidade organizadora.
10. Ademais destas normas, a entidade organizadora declara coñecer as normas xerais de uso da Illa. O incumprimento das mesmas poderá supor a expulsión da Illa da persoa infractora e/ou a cancelación da actividade, sen que caiba indemnización ningunha para a entidade organizadora.
11. Para as actividades con 100 ou máis asistentes e que precisen de máis de un barco para a evacuación, a entidade organizadora deberá contar cun plan de autoprotección, aportando a documentación precisa coas adaptacións do dito plan que correspondan para o concreto evento a realizar. En tanto non sexa presentada esa documentación, a Secretaría Xeral de Cultura non outorgará autorización de uso da Illa.
12. As visitas deberán prever a necesidade de contar con persoal sanitario na visita, dado que este non está dispoñible na Illa. O persoal sanitario terá acceso libre para o uso da enfermería, de resultar preciso.
13. A entidade ou persoa organizadora da actividade declara coñecer estas normas, e acéptaa expresamente
14. Non se producirá a confirmación da reserva en tanto a Secretaría Xeral de Cultura non dea confirmación da recepción deste documento en debida forma.
15. No caso de que a entidade organizadora desexe levar a cabo calquera tipo de promoción pública da visita a desenvolver na instalación, o cartel e/ou campaña promocional da



actividade deberá de contar coa autorización expresa da Secretaría Xeral de Cultura previamente á súa difusión pública

Ademais das cuestións sinaladas anteriormente, as **visitas particulares** que se realicen á Illa deberán axustarse ás seguintes instrucións:

A) Non esta permitido o acceso libre á Illa, de maneira que as visitas particulares realízanse con autorización previa. En calquera caso, as actividades deberán ter un fin cultural, educativo, socio-deportivo ou de interese público, e nunca fins exclusivamente lúdicos (non se permiten festas, nin pícnicos); tampouco se facilitará o acceso á Illa con fins lucrativos, comerciais ou publicitarios.

B) Só se autorizarán visitas particulares no caso de que non existan outras actividades na Illa previamente autorizadas, non entorpezan o amarre doutras embarcacións prioritarias e se realicen dentro do horario do servizo de seguridade física.

C) O acceso realizarase por un único peirao (o que se utilice habitualmente para o control de accesos); isto deberá quedar recollido na solicitude de autorización. Unha vez que se lle remita a autorización facilitaráselle o número de teléfono do servizo de seguridade para que contacte con el no momento que se acheguen á Illa co fin acceder á mesma.

D) O número de visitas non deberá dificultar ou imposibilitar o amarre doutras embarcacións prioritarias, visitas de grupo en catamarán ou aquelas que sexan necesarias para realizar actividades organizadas que estivesen xa previamente autorizadas.

Por cuestións organizativas, as peticións de acceso deberán efectuarse cunha antelación mínima de 48 horas laborables.